

INSTRUCCIÓN 1/2022 QUE REGULA A TRAMITACIÓN E O PAGAMENTO DE DESPRAZAMENTOS A OUTRA LOCALIDADE QUE SE REALICEN COMO CONSECUCENCIA DE IMPARTIR DOCENCIA NO CURSO ACADÉMICO 2022/2023

Como consecuencia da planificación docente é preciso que parte do profesorado se desprace, indistintamente, entre A Coruña e Ferrol. Para compensar os gastos ocasionados por estes desprazamentos, dítase a presente instrución co fin de que poida percibirse a correspondente indemnización por gastos de viaxe, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

1. O motivo destes desprazamentos deberá ser impartir docencia en materias de titulacións oficiais, nun centro da Universidade da Coruña situado nunha localidade distinta ao seu lugar habitual de traballo: A Coruña ou Ferrol. So se aboarán os gastos de viaxe correspondentes aos desprazamentos. No caso de ser necesario, por motivos de eficacia, realizar desprazamentos dende outra localidade deberá solicitar de forma motivada a preceptiva autorización de Xerencia de aboamento destes desprazamentos. En calquera caso, os importes dos gastos de viaxe non poderán ser superiores aos que se aboan por desprazamentos entre A Coruña e Ferrol ou viceversa.

Para os efectos desta instrución enténdese que o lugar habitual de traballo será aquel en que o/a profesor/a teña maior carga docente segundo o POD para o curso académico 2022/2023, e sempre que se cumpra o establecido no punto 2.8 do Procedemento para a elaboración do Plan de Organización Docente 2022/2023 (aprobado en Consello de Goberno do 28/04/2022).

2. Teñen dereito a percibir a indemnización por gastos de viaxe, aqueles/as profesores/as que estean incluídos no ANEXO I (Folla de Previsión de Gastos de Desprazamento) e ANEXO II (Proposta do Departamento). Estes documentos poderán ser enviados á Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente para a súa autorización **ata o 30 setembro de 2022 (incluído)**.

Importante: A utilización dun medio de transporte distinto ao automóbil particular ten que ser autorizada expresamente. A solicitude de autorización deberá remitirse ao correo vpdp@udc.es da Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente.

3. Por motivos orzamentarios, enviarase un ANEXO I-Exercicio 2022 e un ANEXO I-Exercicio 2023.
4. De existir saldo na partida orzamentaria do departamento do exercicio 2022 e que corresponda ao curso 2021/22 como consecuencia de gastos que non van a ser realizados, indicarse na cuadrícula (b) **unicamente do ANEXO I-Exercicio 2022** e restarase do total da previsión. A cantidade autorizada será a resultante de dita compensación. Poderanse descontar os pagos pendentes de tramitar correspondentes ao curso académico 2022/2023 (incorpórase a cuadrícula (c) no Anexo I-Exercicio 2022).
5. Para o cálculo dos desprazamentos, o período das clases axustarase ao calendario académico da UDC para o curso académico 2022/2023, aprobado polo Consello de Goberno de 28 de abril de 2022.

Non se pagarán os gastos por desprazamentos fóra do período en que se imparte a materia, nin viaxes correspondentes a días non lectivos. Con todo, si se poden incluír os desprazamentos como consecuencia da celebración e revisión de exames, respectando as seguintes limitacións:

- Aboarase un desprazamento (ida e volta) por materia e convocatoria co fin de realizar os exames correspondentes.

Código Seguro De Verificación	bRIjFUud0ttf1zp6MoIT2w==		
Asinado Por	Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente - Alberto Valderruten Vidal	Estado	Data e hora
Observacións		Asinado	19/09/2022 11:57:12
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/bRIjFUud0ttf1zp6MoIT2w==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



- Só se pagará un desprazamento por convocatoria para a revisión de exames, polo que no caso de impartir mais dunha materia noutra localidade deberá fixarse o mesmo día de revisión para todas elas.
 - Non se pagarán desprazamentos por sinatura de actas. O profesorado deberá seguir o procedemento de sinatura electrónica de actas.
 - Non se pagarán desprazamentos por titorías fóra dos días das clases. Os horarios de titorías presenciais, de existir, adecuaranse aos mesmos días dos desprazamentos por clases.
 - Nas materias sen docencia con dereito a exame dos plans de estudos en extinción autorizarase o pagamento dos desprazamentos por exames e revisión de exames do xeito indicado nos puntos anteriores. Para a sinatura das actas seguirase o procedemento de sinatura electrónica.
 - Non se pagarán os desprazamentos por titorías de traballo de fin de grao ou fin de mestrado. No caso de manterse en modalidade presencial, as titorías deberán coincidir cos días en que se impartan outras clases.
 - Pola participación en tribunais de traballos de fin de grao ou fin de mestrado terase dereito a un desprazamento por cada convocatoria que figura no calendario académico. Estas indemnizacións por gastos de viaxe tramitaranse pola Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente trala xustificación da necesidade da composición do tribunal con profesorado dunha localidade distinta á do centro onde se realice a defensa. Os centros deberán cubrir o ANEXO III e remitir o arquivo á vicerreitoría (vppd@udc.gal). Unha vez finalizada a participación no tribunal remitirase o impreso de Indemnizacións por razón do servizo.
6. Dende a Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente, solicitaráselle á Xerencia a dotación da cantidade autorizada na correspondente partida orzamentaria do departamento. A vicerreitoría devolverá o ANEXO I autorizado ao departamento.
 7. Unha vez que o departamento reciba o ANEXO I autorizado iniciará a liquidación dos gastos que correspondan utilizando o impreso de Indemnizacións por razón do servizo do persoal da Universidade da Coruña, recollido na Resolución reitoral do 22 de febreiro de 2017 (Sede Electrónica UDC do 24/02/2017).
 8. O gasto imputarase mensualmente con cargo á partida orzamentaria que previamente se dote no departamento.
 9. O profesorado cubrirá o impreso de Indemnizacións por razón do servizo:
 - 9.1. Cubrirase o apartado 1 "Orde de Servizo", previamente ao inicio da realización do servizo, que estará asinado polo/a director/a do departamento, que
 - 9.2. comprobará que o/a profesor/a está incluído na relación a que fai referencia o ANEXO I desta instrución.
 - 9.3. Unha vez efectuados os desprazamentos correspondentes a un mes que fora autorizado, o/a comisionado/a deberá entregar na UADI do departamento o impreso de indemnización na primeira semana do mes seguinte, xunto cos xustificantes orixinais de autoestrada ou billetes dos outros medios de transporte autorizados, de ser o caso.
 - 9.4. O/a director/a do departamento asinará a súa conformidade co servizo realizado e entregará o impreso ao/á responsable de asuntos económicos

Código Seguro De Verificación	bRIjFUud0ttflzp6MoIT2w==		
Asinado Por	Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente - Alberto Valderruten Vidal	Estado	Asinado
Observacións		Páxina	2/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/bRIjFUud0ttflzp6MoIT2w==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



do centro, xunto cunha copia do ANEXO I desta instrución, o/a cal imputará o gasto á partida orzamentaria do departamento dotada para esta finalidade.

10. En relación coa tramitación das indemnizacións correspondentes aos meses de novembro 2022 e decembro 2022, deberá seguirse o establecido na instrución para regular as operacións de cerramento do exercicio 2022 que no seu día estableza a Xerencia. **É importante que se teñan en conta as datas de cerramento do exercicio co fin de que os expedientes estean en fase ADO/O e formalizar a reserva de crédito para as indemnizacións que deban imputarse ao crédito inicial do exercicio 2023.** Non se garanten os pagos das indemnizacións destes meses nos casos de que non se respecte este procedemento.

A Coruña,

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente

Alberto Valderruten Vidal

Código Seguro De Verificación	bRIjFUud0ttf1zp6MoIT2w==		
Asinado Por	Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente - Alberto Valderruten Vidal	Estado	Data e hora
Observacións		Asinado	19/09/2022 11:57:12
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/bRIjFUud0ttf1zp6MoIT2w==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

